

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE SETEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- RAFITICACIÓN DA URXENCIA.

Acordouse ratificar a urxencia da sesión.

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

2.1.- Acordouse declarar deserto o expediente denominado “**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2015**” (BC022015), tramitado mediante procedemento aberto e trámite ordinario, aprobado por acordo da Xunta



Secretaría Xeral

de Goberno Local de 10 de agosto de 2015, e iniciar un novo expediente denominado “**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2015**” (BC022015), mediante procedemento aberto, trámite urxente e un criterio de valoración. Así mesmo, declarouse a urxente a tramitación deste expediente de conformidade co establecido no artigo 112 do TRLCSP tendo en conta o inminente inicio das Festas Patronais o vindeiro día 18 de setembro de 2015, e aprobaronse as citadas Bases Técnicas e Administrativas e o Proxecto de Feira para a ubicación de atraccións de feira na zona do Regueiriño, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal con data de 16 de setembro de 2015 e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

3.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

3.1.- Acordouse a concesión de 180 bolsas complementarias ao estudo por importe de 18.000 €, e denegar 90 solicitudes polas causas que se indican na proposta de resolución.

4.- CORRECCIÓN DE ERROS.

4.1.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada o día 7 de setembro de 2015, no punto 11.1.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

5.1.- Acordouse autorizar a instalación dunha barra na vía pública, na rúa Luís González Taboada, núm. 26, baixo, Lalín, con motivo da celebración das Festas Patronais.

5.2.- Acordouse autorizar a instalación dunha barra enfronte do seu negocio e na vía pública sito na rúa B, núm. 31, baixo, Lalín con motivo da celebración das Festas Patronais.

5.3.- Acordouse autorizar o peche da rúa B entre o cruce coa rúa Pintor Laxeiro e o cruce coa rúa Maruja Gutiérrez os días 18, 19 e 20 de setembro, e poñer mesas na rúa, con motivo da celebración das Festas Patronais.

=====

